



Concello de Mugardos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Circular Informativa Servizo de Comedores Escolares Municipais

O Servizo de XANTAR dos Comedores Escolares Municipais está cofinanciado pola Consellería de Educación

Publicado oficialmente a listaxe definitiva de alumnado admitido, “*as prazas que, sen causa xustificada, non se atopen cubertas aos 15 días de iniciarse o curso escolar, consideraranse como vacantes*” (“Artigo 12. Procedemento de baremación e resolución.” do Regulamento dos CEM do Concello de Mugardos)

A empresa prestadora do Servizo de Comedores Escolares Municipais do Concello é **JARDANAY SL**.

Todas as comunicacións relacionadas con ausencias, solicitudes do uso do servizo ocasional concedido, así como, solicitude de dietas brandas, deben realizarse a través de medio escrito cubrindo o formulario no enlace <https://forms.gle/JY3tj31oCZifwb75A>, cunha antelación de:

- ata as 09:00 h. para anular/solicitar o SERVIZO DE XANTAR.
- ata as 17:00 h. para solicitar o ALMORZO DO DÍA SEGUINTE.

O alumnado admitido no servizo ocasional, si non o comunican en tempo a asistencia, non poderán facer uso do servizo.

ALMORZO: 07.30 horas- 09.00 horas.

Despois das 08:30 horas o alumnado non poderá entrar no servizo de almorzo.

XANTAR: 14.00horas-16.00 horas.

Dúas quendas de saída: a primeira sairá ás 15:15 horas e, a segunda quenda ás 16:00 horas. Por seguridade dos/das comensais, e agás os horarios das quendas de saída, as portas do centro permanecerán pechadas durante o servizo.

Para temas relacionados con autorizacións para a recollida de nenos/as debe ser tramitada no rexistro do Concello ou no rexistro de calquera Administración Pública. **Sin autorización previa non se entregará o/a menor.**

FALTAS DE ASISTENCIA:

A ausencia esporádica ou continuada no servizo concedido **non exime da obriga de pagamento aínda que sexa comunicada.**

Unha ausencia de máis de 3 días continuos sen xustificar ou **mais de 6 discontinuos** nun período igual de 30 días naturais **poderá producir a baixa no servizo.**

FALTAS DE CONDUTA:

O Concello reserva para sí o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva do alumnado que se comporte de forma incorrecta ou que os seus pais, nais ou titores legais non respecten o regulamento do servizo e as normas básicas de convivencia e colaboración.

Para a corrección das faltas leves poderáselle aplicar, como medida correctora inmediata, a suspensión temporal do dereito de asistencia ao comedor por un período de ata 3 días lectivos, sen eximir da cota correspondente.

Lembrase que, o *servizo de Comedor Escolar Municipal é un servizo educativo, complementario, compensatorio e social*, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade, en especial entre homes e mulleres, e solidariedade.

Existe lista de agarda de familias que demandan e precisan deste servizo polo que **lembramos a importancia de solicitar por escrito no rexistro do Concello ou no rexistro de calquera Administración Pública a baixa do servizo.**

IMPORTANTE TER EN CONTA A NORMATIVA MUNICIPAL:

Regulamento dos comedores escolares municipais do Concello de Mugardos, BOP núm. 213, do 10 de novembro de 2022. Dispoñible na web do concello : <https://mugardos.gal/es/bienestar-social/comedores-escolares-municipales/>

Ordenanza fiscal nº 25, reguladora da taxa pola prestación do servizo de comedor escolar, BOP núm. 192, do 08 de outubro de 2014